

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA A ORGANIZACIÓN DO CURSO DE CAPACITACIÓN PARA O DESEMPEÑO DA FUNCIÓN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

En Santiago de Compostela, asinado electronicamente

REUNIDAS

Dunha parte, **Fabiola García Martínez**, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, que actúa no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, **Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG núm. 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP.

Ambas partes teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o seguinte convenio de colaboración e

EXPOÑEN

Primeiro. A conselleira de Política Social e Igualdade ten competencia para a sinatura deste convenio segundo o establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia.

Segundo. A EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha



entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

Terceiro. A Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, sinala entre os fins da escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da Administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

Cuarto. Ambas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través deste convenio.

En virtude do exposto, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a EGAP é a colaboración para o desenvolvemento conxunto do curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais, dirixido ao persoal inspector de servizos sociais dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia, en situación de servizo activo ou asimilada.

De non cubrirse todas as prazas polo persoal inspector de servizos sociais, poderá participar outro persoal funcionario público dos subgrupos A1, A2 e C1 da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.

Quedarán excluídas da selección as solicitudes das persoas que xa tiveran completado en anteriores convocatorias da EGAP o *Curso sobre a capacitación para o desempeño da*



función de inspección de servizos sociais, así como o persoal pertencente a corpos da administración especial.

SEGUNDA. Dereitos e obrigas

A Consellería de Política Social e Igualdade e a EGAP para a organización e a convocatoria das actividades derivadas deste convenio adquiren o compromiso de colaborar na súa organización e desenvolvemento, de acordo co sinalado na cláusula terceira.

TERCEIRA. Actuacións

1ª As actuacións que levará a cabo a Consellería de Política Social e Igualdade son as seguintes:

- a) O financiamento das actividades derivadas deste convenio mediante a achega das cantidades sinaladas na cláusula quinta.
- b) O establecemento do programa formativo do curso, o seu calendario, o persoal docente e o número de persoas destinatarias da acción formativa resultante do previo procedemento de selección.
- c) O seguimento das probas de cada módulo.
- d) A realización da proba final.
- e) A proposta da lista do alumnado que supere o curso para a expedición por parte da EGAP do certificado acreditativo de superación do curso de capacitación.

2ª As actuacións que levará a cabo a EGAP son as seguintes:

- a) A xestión do proceso de matrícula no curso e a proposición da selección das persoas solicitantes, confirmada posteriormente pola Consellería de Política Social e Igualdade.
- b) A posta a disposición da súa plataforma informática e das súas instalacións para o desenvolvemento do curso.
- c) A expedición do certificado de aptitude do alumnado que supere o curso.



d) A avaliación das actividades derivadas deste convenio mediante o cuestionario de satisfacción que porá a disposición do alumnado ao remate da acción formativa.

CUARTA. Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das partes que o asinan, á que corresponderá a concreción, o seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, a persoa responsable da secretaría xeral e a persoa titular dun servizo da entidade, ambas designadas pola persoa titular da EGAP, así como ás persoas que as suplan; e por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, a persoa titular dunha subdirección xeral e a persoa titular dun servizo, ambas designadas pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, así como ás persoas que as suplan.

Á citada Comisión seralle de aplicación o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e a Lei 16 /2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Comisión de Seguimento terá, sen prexuízo do establecido no artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, respecto das funcións do órgano de vixilancia e control, as seguintes funcións:

- 1.- O seguimento, a interpretación e a avaliación das accións derivadas deste convenio.
- 2.- A adopción ou a proposta das medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.



QUINTA. Orzamento

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a colaboración entre as partes organízase do seguinte xeito:

- A Consellería de Política Social e Igualdade dispón dun crédito de 10.500,00€, con cargo á partida orzamentaria 38.01.311A.226.06 do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2024, para a realización da actividade "Curso superior de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais".
- A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e cos seus medios persoais e materiais. A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio corrente.

SEXTA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio coa EGAP ou coa Consellería de Política Social e Igualdade.

SÉTIMA. Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio son titularidade conxunta da EGAP e da Consellería de Política Social e Igualdade.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato ou soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento deste proxecto.



OITAVA. Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio

As partes asinantes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciálo en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun aviso previo de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

NOVENA. Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Así mesmo, tense en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

No caso de conflitos estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Sen prexuízo disto, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre o contido e aplicación deste convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

DÉCIMA. Consentimento das partes en materia de protección de datos.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e o resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Tamén manifestan o seu



consentimento para que as rúbricas deste convenio consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

No marco do desenvolvemento das actividades de formación, divulgación e investigación obxecto do convenio de colaboración, as partes asinantes sométense ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

UNDÉCIMA. Vixencia

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura polas partes ata o 31 de decembro de 2024, podendo prorrogarse por mutuo acordo destas antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas, ata un máximo de 4 anos, salvo denuncia de calquera delas antes do seu termo.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións e subscríbese, como proba de conformidade.

Pola Consellería de Política Social
Igualdade

Pola Escola Galega de
Administración Pública,

Fabiola García Martínez

Sonia Rodríguez-Campos González

